

## Á Mesa da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos convenios asinados coas comunidades de montes de Vilaboa, San Xulián e Santo Tomé referidos ao desenvolvemento dun plan anual de actuación, así como co estado de abandono no que se atopa o parque forestal de Castiñeiras (10/PNC-002364, documento número 29652)

### Emenda de adición

Débase engadir o final do punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte contido:

Engadir in fine: “...habilitando unha partida orzamentaria no ano 2018 e manténdoa nos vindeiros anos co fin de poder acometelo.”

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

### Asinado dixitalmente por:

**María Luisa Pierres López na data 02/05/2018 16:30:52**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/05/2018 16:30:57**

## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Martín Fernández Prado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** dos Socialistas de Galicia **/PNC-002213 (28208)**, sobre a posición do Parlamento de Galicia referida á realización dun informe de edificacións inacabadas de toda Galicia e, a partir deste, a realización dun mapa galego de vivendas inacabadas, así como as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa dita problemática

## **Emenda de modificación**

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

*O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:*

*1.-colaborar coa Fegamp nos traballos que faciliten a elaboración dun informe de vivendas inacabadas de toda Galicia, tendo en conta o coñecemento que poida ter cada un dos concellos da situación no seu termo municipal.*

*2.-realizar as xestións necesarias para que a APLU poida ofrecer aos concellos adheridos a asunción das competencias na vixilancia e control das fachadas inacabadas a través da sinatura do correspondente convenio de colaboración.*

*Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018*

**Asinado dixitalmente por:**



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/05/2018 17:04**  
**Nº Rexistro: 30327**  
Data envío: 02/05/2018 17:04:32.408

**Pedro Puy Fraga na data 02/05/2018 16:57:30**

**Martín Fernández Prado na data 02/05/2018 16:58:02**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-002239 (28429)**, sobre a entrega polo Goberno galego ao Concello de Carnota das obras da rede de saneamento no lugar do Pindo, así como a axilización do proxecto para a dotación desa infraestrutura ao lugar de Lariño

## **Emenda de modificación**

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego, Consellería de Medio Ambiente e a Augas de Galicia a:

- 1.-entregar nas vindeiras semanas ao Concello de Carnota as obras da rede de saneamento no lugar do Pindo (Carnota), unha vez se comprobe o seu correcto funcionamento.
- 2.-continuar colaborando e apoiando ao Concello de Carnota para que poida desenvolver correctamente as súas competencias en materia de saneamento.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 02/05/2018 16:59:23**

**Gonzalo Trenor Lopez na data 02/05/2018 16:59:56**

## Á MESA DA COMISIÓN 2.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda á Proposición non de lei doc. núm. 29450, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central en relación coa eliminación con carácter prioritario polo Adif dos pasos a nivel que contén cun maior tránsito de persoas e vehículo, nomeadamente na cidade de Monforte de Lemos, así como o reforzo, namentres, dos seus sistemas de seguridade para garantir un tránsito viario, ferroviario e peonil seguro, incluída na orde do día da Comisión 2.<sup>a</sup> do vindeiro 3 de maio. (10/PNC-002342).

### EMENDA DE ADICIÓN

Débase engadir o seguinte punto á parte resolutiva:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que realice un estudo para a modernización da liña ferroviaria Ourense-Lugo no que se preste especial atención á eliminación dos pasos a nivel"

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando,

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Voceiro s. do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 02/05/2018 18:12:30**

**Antón Sánchez García na data 02/05/2018 18:12:37**